

## BASES DO CONCURSO DE DESEÑOS DE GRAFFITI PARA A SALA DE ACCESO A INTERNET DA BIBLIOTECA DO PORRIÑO.

Co motivo da celebración da IX Festival Intercontracultura do Concello do Porriño, a OMIX e a Biblioteca do Porriño organizan un concurso de ideas para a decoración cun graffiti da Sala de Acceso a Internet da Biblioteca Municipal. Xunto co concurso de ideas, será obrigatorio que o gañador ou gañadora leve a cabo con posterioridade a súa obra fisicamente na devandita sala.

### TEMÁTICA

- A temática do deseño a presentar versará sobre calquera aspecto relacionado co mundo da literatura, lectura e do libro, en relación con Internet.
- As medidas e configuración da sala na que será executado o graffiti estarán colgadas na páxina web <http://www.centroculturalporriño.com/BIBLIOTECA.htm>. Os deseños deberán estar adaptados as medidas e configuración da sala.

### PARTICIPANTES E DESEÑOS

- Participarán en concurso único todas as persoas que así o desexen, sen diferenciación de idades, e co número de deseños que estimen oportuno.
- As obras deberán ser orixinais, inéditas e non ter sido premiadas nin recoñecidas ou seleccionadas noutros certames. Asemade, deberán estar libres de dereitos que poidan posuír terceiros.

### FORMA DE PRESENTACIÓN

- Os deseños enviaranse por correo electrónico á dirección [biblioteca@centroculturalporriño.com](mailto:biblioteca@centroculturalporriño.com) como arquivo achegado.
- No corpo da mensaxe incluíranse os datos: nome completo do autor/a, enderezo postal, número de teléfono, data de nacemento e NIF.

- Así mesmo, con cada deseño incluírase a relación de sprays que se necesiten para lévalo a cabo, coa referencia de cor oportuna.
- Só se admitirá un deseño por cada correo, en formato JPEG/JPG de tamaño non superior a 2 megas. Cada autor/a poderá enviar os correos que estime oportunos.

#### PRAZO DE ENTREGA

- O prazo máximo de recepción dos deseños será as 24,00 horas do día 23 de agosto de 2009.

#### PRAZO DE EXECUCIÓN

- O prazo de execución física do graffiti na Sala de Internet será do 7 ao 10 de setembro. O graffiti inaugurarase o 11 de setembro.

#### PREMIO:

- Concederáse un único premio dun lote de sprays por un valor aproximado de 600 €.

#### DEREITOS PATRIMONIAIS DE EXPLOTACIÓN DO DESEÑO PREMIADO:

- De conformidade co previsto na Lei de Propiedade Intelectual, o autor ou autora do deseño premiado, sen prexuízo dos dereitos morais que lle corresponden, cede á Biblioteca Municipal do Porriño e a OMIX do concello, con carácter de exclusividade, os dereitos patrimoniais de explotación do deseño gañador.

#### XURADO E FALLO:

- O xurado estará composto por membros dos departamentos de Cultura e Mocidade do Concello do Porriño, ou persoas nas que deleguen. O fallo do xurado darase a coñecer nos medios de comunicación, ademais de comunicarse persoalmente ao gañador ou gañadora por teléfono e/ou correo electrónico.

#### ACEPTACIÓN DAS BASES:

- A participación neste concurso supón a aceptación total das presentes bases e fallo do Xurado. Moi especialmente, indícase que para recibir o premio, o gañador ou gañadora están obrigados a levar a cabo o graffiti co

deseño gañador na devandita sala e nos prazos indicados.

- O Xurado queda facultado para dirimir calquera eventualidade non prevista nestes bases.

O Porriño, 3 de xullo de 2009

## MEDIDAS E CONFIGURACIÓN DA SALA DE ACCESO A INTERNET BIBLIOTECA MUNICIPAL DO PORRIÑO

